

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CAPÍTULO 11 —



A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL



EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

CERTIFICACIÓN:

Cristina Fabeiro Varela
Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

CERTIFICA

Que no pleno extraordinario realizado o 02/11/2023 acordouse tomar en consideración e publicar o Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2022, elaborado por encargo do **Consello Galego de Relacións Laborais**

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

MARTA PUEBLA VILARIÑO
XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL
DO SEPE DA CORUÑA

11.1. A REGULACIÓN DE EMPREGO

CADRO 11.1. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCIÓN DE XORNADA E POR CAUSA ALEGADA.ESPAÑA. 2021-2022

CADRO 11.2. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCIÓN DE XORNADA.GALICIA. 2021-2022

CADRO 11.3. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA.GALICIA. 2022

CADRO 11.4. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.2022

CADRO 11.5. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESPAÑA. 2021-2022

CADRO 11.6. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESPAÑA. 2022

CADRO 11.7. TAXA DE COBERTURA DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO. EN PORCENTAXE. ESPAÑA-GALICIA. 2022

CADRO 11.8. PERSOAS AFECTADAS POLO MECANISMO RED 2022. POR CC.AA.

CADRO 11.8 BIS. PROCEDEMENTOS DE DESPIDO COLECTIVO, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, SEGUNDO O TIPO DE PROCEDEMENTO E O ÁMBITO TERRITORIAL. 2022

11.2. FOGASA

CADRO 11.9. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO. POR PROVINCIA. GALICIA. 2022

CADRO 11.10. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO. POR PROVINCIA. ESPAÑA-GALICIA. 2022

CADRO 11.11. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS. ESPAÑA-GALICIA. 2022

CADRO 11.12. IMPORTE DOS SALARIOS SEGÚN O MOTIVO. ESPAÑA-GALICIA. 2022

CADRO 11.13. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS POR MOTIVO DA SOLICITUDE POR PROVINCIAS. 2022

11.1. A REGULACIÓN DE EMPREGO

Neste apartado analizaranse os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas cos datos facilitados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con competencia en Galicia e coa información publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social.

O Estatuto dos traballadores nos seus artigos 47 e 51 regula os despedimentos colectivos, suspensións do contrato ou reducións de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivados de forza maior.

No caso dos procedementos de extinción colectiva de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción por decisión da empresa, unha vez finalizado o período de consultas, con acordo ou sen el, a empresa poderá notificar os despedimentos de maneira individual ás persoas afectadas.

Aínda que non é necesaria autorización administrativa previa, si é necesaria a comunicación á autoridade laboral e o período de consultas.

Enténdese por redución de xornada a diminución temporal de entre un 10% e un 70% da xornada computada sobre a base dunha xornada diaria, con independencia do número de persoas traballadoras da empresa e do número de persoas afectadas, sempre que sexa por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Igualmente o contrato de traballo poderá extinguirse, suspenderse ou reducir a súa xornada por causas de forza maior.

A existencia de forza maior que motive a extinción, suspensión ou redución de xornada, debe ser constatada pola autoridade laboral calquera que sexa o número de persoas afectadas.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se alcanza un acordo entre empresa e representantes legais. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

A COVID-19 fixo necesaria a aprobación dunha serie de medidas normativas para facer fronte á situación sanitaria. Entre elas destaca o Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, e o Real decreto-lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral.

As suspensións de contrato e reducións de xornada que teñan a súa causa directa en perdas de actividade como consecuencia da COVID-19, incluída a declaración do estado de alarma, que impliquen suspensión ou cancelación de actividades, peche temporal de locais de afluencia pública, restricións no transporte público e, en xeral, da mobilidade das persoas e/ou as mercancías, falta de subministracións que impidan gravemente continuar co desenvolvemento ordinario da actividade, ou ben en situacións urxentes e extraordinarias debidas ao contaxio do persoal e a adopción de medidas de illamento preventivo decretados pola autoridade sanitaria, que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que se derivan do artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Co Real decreto-lei 11/2021, do 27 de marzo, todos os ERTE, tanto de suspensión como de redución, convértense en ERTE de suspensión, xa que as empresas deben transformar en días completos as horas de redución de xornada.

Nos ERTE COVID-19 non era necesario ter un período mínimo cotizado de 360 días e as solicitudes non son individuais, preséntaas a empresa de forma colectiva. Durante o período de alarma tampouco era necesaria a inscrición como demandante de emprego, polo que os datos do paro rexistrado non contan coas persoas perceptoras dos ERTE COVID-19, si figuran nos datos das persoas perceptoras de prestacións.

Tamén e de destacar o Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se reforma o Estatuto dos traballadores no seu art. 47 dos expedientes de regulación do emprego de causas económicas, técnicas, organizativas e de produción e os expedientes de forza maior.

No ano 2022 os afectados pola situación derivada da COVID-19 foron reducíndose, pero aínda quedaron algúns sectores de actividade que no tiñan a recuperación definitiva polo que se creou un novo mecanismo aplicable ao sector das axencias de viaxes.

Este mecanismo quedou regulado no apartado sete do artigo 3º do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro. Co acordo do Consello de Ministros do 29 de marzo 2022 declárase a activación do mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do emprego de conformidade co artigo 47 bis do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, para o sector das axencias de viaxes.

Para a realización deste informe contamos cos datos facilitados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e cos datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Dende a declaración do estado de alarma, non foi posible en moitos casos a remisión da información dos expedientes de regulación de emprego polas autoridades laborais das CC. AA. á Dirección Xeral de Traballo para a elaboración da información estatística. Por isto, para a elaboración do Informe de 2020 e 2021 non puidemos contar coa mesma información que en anos anteriores. Esta situación afecta igualmente aos datos de 2022, xa que nalgúns casos as comparacións entre anos no van ser moi rigorosas dada a provisionalidade dos datos deses anos.

No ano 2022 a nivel estatal víronse afectados por procedementos de regulación de emprego 294.702 persoas, dos que o 5% eran de forza maior e o 95% por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sendo esta última a que concentra o maior número de persoas cun 62%.

O máis destacado é a redución de persoas afectadas en 308.697 menos que en 2021, tras a gran subida dos anos 2020 e 2021.

O descenso dáse tanto en expedientes de suspensión/redución de xornada como en despedidos colectivos.

CADRO 11.1. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCIÓN DE XORNADA E POR CAUSA ALEGADA. ESPAÑA. 2021-2022

	Valores absolutos		Variación sobre ano anterior
	2021	2022	
Persoas traballadoras	603.399	294.702	-308.697
Despedimentos colectivos	43.662	24.215	-19.447
Suspensión/redución	559.737	270.487	-289.250
Causas			
Forza maior	251.021	13.603	-237.418
Outras*	352.378	281.099	-71.279
Con acordo	417.995	200.246	-217.749
Sen acordo	69.000	26.787	-42.213
Non consta	116.404	67.669	-48.735

(*) No ano 2022 o maior número de "outras causas" acadaron nas causas de produción con 183.222 persoas.
Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Facendo unha análise dos meses dispoñibles, de xaneiro a decembro 2022 apréciase que son as suspensións de contratos as que maior teñen número de persoas afectadas, seguidas das reducións de xornada. Se nos fixamos nas provincias é Pontevedra a que ten máis persoas afectadas, seguida da Coruña, e a que menos ten é Lugo.

CADRO 11.2. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2021-2022

	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada	Total acumulado
A Coruña	420	5.985	627	7.032
Lugo	68	964	42	1.074
Ourense	6	1.679	49	1.734
Pontevedra	375	10.321	483	11.179
Galicia	869	18.949	1.201	21.019

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

No [cadro 11.3](#) podemos ver o total acumulado de xaneiro a decembro e comparalo co mesmo período do ano anterior. Destaca a redución en 17.541 persoas. O que supón un 59% menos en termos globais. Se facemos a análise polo tipo de expediente, vemos que a redución dáse tanto nos expedientes de suspensión e redución de xornada, como nos despedimentos colectivos.

CADRO 11.3. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2022

	Valores Absolutos	Variación Ano anterior
Despedimentos colectivos	869	-296
Suspensión de contratos/reducción de xornada	20.150	-17.245
Total	21.019	-17.541

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Comparando as distintas CC. AA. vese que son Murcia e A Rioxa, seguidas de Madrid as que máis redución tiveron, xa que foron das que máis aumentaron. Entre as de menos redución están Asturias e Baleares.

CADRO 11.4. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

	TOTAL	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada
Total	294.702	24.215	236.314	34.173
Andalucía	28.512	2.724	22.156	3.632
Aragón	16.995	413	15.993	589
Asturias	12.855	757	11.686	412
Baleares	4.216	434	1.809	1.973
Canarias	3.880	368	2.031	1.481
Cantabria	5.794	163	5.381	250
Castela-A Mancha	4.522	385	3.183	954
Castela e León	13.235	581	10.966	1.688
Cataluña	70.503	6.796	56.857	6.850
Comunidade Valenciana	42.004	2.952	36.599	2.453
Extremadura	1.813	204	1.238	371
Galicia	21.019	869	18.949	1.201
Madrid	27.040	6.035	11.444	9.561
Murcia	2.064	359	1.428	277
Navarra	14.502	358	13.654	490
País Vasco	23.725	731	21.245	1.749
A Rioxa	1.808	71	1.552	185
Ceuta	164	15	131	18
Melilla	51	0	12	39

Datos provisionais.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Os expedientes segundo o sector de actividade e a medida adoptada, a nivel estatal quedan reflectidos no cadro 11.5, no que se confirma a tendencia á baixa en todos os sectores en valores absolutos, especialmente no sector servizos, seguido do da industria. O que menor descenso tivo foi o sector agrario. Analizando o tipo de ERE, a redución prodúcese tanto en despedimentos colectivos como nos de suspensión e redución de xornada. Débese ter en conta que dende xuño/20 todos os expedientes de redución de xornada convertéronse en expedientes de suspensión, ao ter as empresas que converter as horas de redución en días completos.

CADRO 11.5. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESPAÑA. 2021-2022

SECTORES	Despedimentos colectivos		Suspensión de contrato/reducción de xornada		Total	
	2021	2022	2021	2022	2021	2022
Agrario	249	201	1.157	1.180	1.406	1.381
Industria	11.903	6.096	240.110	187.336	252.013	193.432
Construción	1.063	1.055	4.476	3.138	5.539	4.193
Servizos	30.447	16.863	313.994	78.833	344.441	95.696
Total	43.662	24.215	559.737	270.487	603.399	294.702

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais.

Unha análise máis detallada das seccións de actividade económica mostran que o comercio, a hostalaría, actividades artísticas e actividades administrativas e servizos auxiliares son das seccións máis afectadas polo descenso de persoas. Estas actividades foron das que máis incremento tiveron no 2020 e 2021.

En termos absolutos, no 2022, foron as seccións de industrias manufactureiras, actividades administrativas e servizos auxiliares e hostalaría, as que concentraron máis persoas traballadoras afectadas polos ERE.

CADRO 11.6. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESPAÑA. 2022

SECCIÓN	TOTAL
	294.702
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1.381
Industrias extractivas	777
Industria manufactureira	191.836
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	258
Construción	561
Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos	4.193
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos a motor	14.492
Transporte e almacenamento	14.466
Hostalaría	21.116
Información e comunicacións	2.165
Actividades financeiras e de seguros	2.598
Actividades inmobiliarias	461
Actividades profesionais, científicas e técnicas	5.235
Actividades administrativas e servizos auxiliares	23.427
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	28
Educación	1.127
Actividades sanitarias e de servizos sociais	2.704
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4.344
Outros servizos	3.382
Actividades fogares empregadores persoal doméstico, produtores de bens e servizos	150
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais.

Cos datos facilitados polo SEPE, en primeiro lugar veremos que a taxa de cobertura a nivel estatal das prestación de desemprego é moi similar todos os meses do ano, cunha media anual do 62,9% de cobertura, algo superior á do ano 2021.

Se a análise a facemos en Galicia o comportamento é similar ao de España, chegando ao 62,7%.

Por sexos a taxa de cobertura a nivel estatal, foi superior en homes co 76,7% en 2022 (66,4%en 2021) de media, fronte ao 63,1% (57% en 2021) das mulleres.

CADRO 11.7. TAXA DE COBERTURA DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO. EN PORCENTAXE. ESPAÑA-GALICIA. 2022

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/decembro España	62,9	62,5	59,8	59,5	60,6	61,6	64,4	64,8	61,0	63,1	66,3	68,7	62,9
	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/decembro Galicia	63,9	62,6	60,6	60,4	61,0	61,1	63,6	63,6	60,3	62,2	64,6	68,0	62,7

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

Pasaremos agora a facer unha análise des altas iniciais das axudas derivadas do Mecanismo RED cos datos facilitados polo SEPE.

Por CC. AA., Madrid é a que rexistra o maior número de persoas afectadas, tanto en redución de xornada como en suspensión do contrato. Cataluña figura en segundo lugar e Andalucía en terceiro.

Galicia ocupa o posto número sete en ambas as medidas.

Tendo en conta o número o número de procedementos do Mecanismo RED solicitados a nivel autonómico, e A Coruña a que ten maior número con 9, seguida dos 3 a nivel autonómico. Lugo non tivo ningún procedemento.

CADRO 11.8. PERSOAS AFECTADAS POLO MECANISMO RED 2022. POR CC.AA.


	Reducción de xornada	Suspensión de Contrato
Andalucía	448	328
Aragón	95	62
Asturias	65	47
Baleares	409	259
Canarias	58	116
Cantabria	18	36
Castela-A Mancha	55	38
Castela e León	131	123
Cataluña	1.106	387
Comunidade Valenciana	155	115
Extremadura	45	45
Galicia	134	91
Madrid	2.073	1.031
Murcia	8	10
Navarra	40	23
País Vasco	243	157
A Rioxa	11	11
Ceuta y Melilla	12	13
Total	5.106	2.892

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

CADRO 11.8 BIS. PROCEDEMENTOS DE DESPIDO COLECTIVO, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, SEGUNDO O TIPO DE PROCEDEMENTO E O ÁMBITO TERRITORIAL. 2022

	ERE despedimento	ERTE ETOP suspensión reducción de jornada	ERTE FORZA MAIOR Suspensión reducción de xornada	ERTE MECANISMO RED (Axencias de viaxes)
Galicia	20	402	83	14
A Coruña	9	123	56	9
Lugo	1	23	7	0
Ourense	0	40	6	1
Pontevedra	7	202	13	1
Autonómicos	3	14	1	3

Elaboración propia.
Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade.



11.2. FOGASA

O Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) é un organismo autónomo pertencente ao Ministerio de Traballo e Economía Social creado para garantir os créditos salariais en situacións de insolvencia da empresa.

O Fogasa regúlase polo Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a súa natureza, organización e funcionamento.

Están protexidas polo Fogasa as persoas traballadoras contratadas laboralmente, con independencia do tipo de empresa e contrato ou da relación laboral especial. Está incluído o persoal de alta dirección e as persoas suxeitas a prestación de servizos de carácter transnacional. Tamén están amparadas as persoas socias traballadoras de sociedades laborais que contén cun número de socias e socios superior a 25.

Están fóra do seu ámbito de protección as persoas ao servizo do fogar e as que ostenten cargos de conselleiros/as e administradores/as de sociedades mercantís capitalistas que non posúan o control efectivo, cando desenvolvan funcións de dirección e xerencia e sexan retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras. Tampouco están no seu ámbito de cobertura as persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado ou explotación comunitaria da terra.

As prestacións económicas satisfeitas polo Fogasa teñen como finalidade:

- Garantir ás persoas traballadoras por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia de desequilibrios patrimoniais das empresas nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva, extinción do contrato por vontade da persoa traballadora mediando causa xusta, así como extinción de contratos temporais nos casos que legalmente proceda.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Pagar directamente as seguintes indemnizacións, sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso:
 - Empresas de menos de 25 persoas traballadoras, o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva.
 - Expedientes de regulación de emprego por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pago parcial ou total da indemnización.

Tanto no conxunto do Estado como en Galicia diminuíron, con respecto ao ano 2021, o número de expedientes e de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa.

Esta diminución tamén se aprecia nas empresas afectadas en Galicia, pero en España dáse un aumento de 81 empresas.

En Galicia a redución do número de persoas beneficiarias de prestacións do Fogasa foi en 2022 do 8%, con respecto a 2021.


A nivel estatal a redución alcanzou o 7% no 2022.

Comparando as provincias galegas, solo se da un leve incremento na Coruña con 3 persoas máis que en 2021. En Pontevedra a redución foi do 11%, en Lugo do 20% e Ourense do 22%.

CADRO 11.9. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO. POR PROVINCIA.
GALICIA. 2022

	Expedientes	Entidades	Persoas beneficiarias			
			Persoas beneficiarias ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres	Non constan
Galicia	3.810,0	1.288,0	3.976,0	2.096,0	1.795,0	85,0
A Coruña	1.911,0	650,0	1.983,0	1.019,0	921,0	43,0
Lugo	427,0	164,0	442,0	243,0	192,0	7,0
Ourense	297,0	110,0	313,0	152,0	153,0	8,0
Pontevedra	1.175,0	402,0	1.238,0	682,0	529,0	27,0

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2022.



Como consecuencia da redución das persoas beneficiarias e empresas afectadas, hai tamén una redución dos importes dos salarios acordados en España así como en Galicia.

No conxunto do Estado a diminución foi:

2022: mulleres 9% e homes 3,9%

Mentres que en Galicia a redución foi so no grupo de mulleres e no de homes se produciu un aumento:

2022: Mulleres 11% de descenso e homes 6% de aumento.

Tomando como referencia as catro provincias galegas, obsérvase o descenso Lugo, Ourense e Pontevedra e aumenta na Coruña un 10,6%.

CADRO 11.10. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO. POR PROVINCIA.
ESPAÑA-GALICIA. 2022

	Ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres
España	194.785.724,3	132.189.824,3	62.595.900,0
Galicia	11.171.375,3	7.408.977,2	3.762.398,0
A Coruña	5.888.152,8	3.949.299,6	1.799.887,3
Lugo	1.202.048,1	775.889,5	423.689,0
Ourense	790.425,2	1.263.406,1	413.171,2
Pontevedra	3.270.749,2	2.042.927,6	1.125.650,6

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2022.

Seguindo a tendencia da redución do número de persoas beneficiarias e empresas en 2021, tamén se reducen os importes das indemnizacións acordadas.

En España estas reducións foron:

2022: mulleres 10% e homes 9,5%

En Galicia a redución foi tanto no colectivo feminino, como no masculino:

2022: mulleres 17,5% e homes 30,9%

A nivel provincial e sen desagregar por sexo, o maior descenso experimentouse en Lugo (-45%) seguida de Ourense (-28,3%).

CADRO 11.11. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS.
ESPAÑA-GALICIA. 2022

	Ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres	Non consta
España	340.857.142,60	322.120.902,18	186.781.846,70	26.740.118,00
Galicia	16.548.791,61	15.649.341,97	11.323.983,08	746.841,81
A Coruña	8.277.160,70	3.952.991,03	4.132.666,95	
Lugo	1.452.585,34	922.723,96	494.817,68	
Ourense	937.224,62	344.882,13	577.969,77	
Pontevedra	5.881.820,95	3.258.480,11	214.933,49	

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2022.

Nos cadros 11.12 e 11.13 pódense apreciar, desagregados por tipoloxía de salarios e indemnizacións, execucións laborais ou procedementos concursais, os importes acordados.

CADRO 11.12. IMPORTE DOS SALARIOS SEGÚN O MOTIVO.
ESPAÑA-GALICIA. 2022

	Total	Execución	Procedimentos
España	199.785.724,28	137.607.830,00	57.177.894,28
Galicia	11.171.375,25	6.408.952,91	4.762.422,34
A Coruña	5.888.152,72	3.169.024,70	2.719.128,02
Lugo	1.222.048,13	693.771,99	528.276,14
Ourense	790.425,16	706.275,17	84.149,99
Pontevedra	3.270.749,20	1.839.881,01	1.430.868,19

Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2022.

CADRO 11.13. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS POR MOTIVO DA SOLICITUDE POR PROVINCIAS.
2022

	INDEMNIZACIONES			
	Total	Por impago empresa		Responsabilidade Fogasa
		Execución	Procedimentos	
España	340.857.142,60	199.340.049,70	141.371.484,35	145.608,55
Galicia	16.548.791,61	8.468.090,10	8.080.701,51	0,00
A Coruña	8.277.160,70	4.423.942,82	3.853.217,88	0,00
Lugo	66.421.017,55	796.338,55	65.624.679,00	0,00
Ourense	937.224,62	644.974,64	292.249,98	0,00
Pontevedra	5.881.820,95	2.602.834,09	3.278.986,86	0,00

Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2022.

CGRL.GAL/ES

